

BASES CAMPAMENTO DE VERÁN O ROSAL 2026

PLAN CORRESPONSABLES

1. OBXECTO

O campamento de verán “**SEMENTEIRA DE IGUALDADE**” preséntase como unha alternativa de lecer e aprendizaxe para nenos e nenas de 3 a 12 anos durante os meses de xullo e agosto. Este proxecto está encadrado dentro do Programa Corresponsables da Xunta de Galicia, que promove a conciliación da vida laboral e familiar, así como a corresponsabilidade entre mulleres e homes no coidado da infancia.

O obxectivo principal do campamento é ofrecer un espazo seguro e enriquecedor para os nenos e nenas, á vez que se facilitan as conciliacións das familias en horario de 09:00 a 14:00, ampliable de 08:00 a 15:00 segundo as necesidades das familias.

Ademais, “**SEMENTEIRA DE IGUALDADE**” promoverá un modelo educativo que fomente a igualdade de xénero, o respecto mutuo e a corresponsabilidade, garantindo que todos os nenos e nenas teñan as mesmas oportunidades de participación e desenvolvemento.

O campamento incorpora entre as súas actividades, obradoiros de corresponsabilidade para fomentar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, nos nenos e nenas participantes, en aras de acadar unha igualdade real e efectiva na sociedade do futuro.

2. PERSOAS DESTINATARIAS

Nenos e nenas **nacidos/as entre os anos 2014-2022 ambos incluídos**, que presenten as seguintes características:

- empadroados/as no Rosal
- non empadroados/as no Rosal pero que seu pai, nai, titor ou titora traballe ou posúa un negocio no Rosal

3. LUGAR DE CELEBRACIÓN E NÚMERO DE PRAZAS

O campamento desenvolverase nas instalacións do CPI Suárez Marquier.

O número total de prazas ofertadas é 50, das cales 45 son para o procedemento xeral e 5 prazas reservadas de inclusión.

As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% poderán participar nesta convocatoria sempre que teñan capacidade de integración nun grupo e que as súas necesidades especiais lles permitan participar e beneficiarse das actividades que se van a desenvolver, o que deberá ser acreditado mediante informe médico, educativo ou social.



As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% poderán participar nesta convocatoria cumprindo os seguintes requisitos:

- a) Facer constar a súa condición no apartado específico que figura na solicitude, co fin de planificar os apoios persoais necesarios, se os precisar.
- b) Que no certificado de recoñecemento de discapacidade non se recolla a necesidade de axuda de terceira persoa.
- c) Ter capacidade de integración nun grupo e que as súas necesidades especiais lles permitan participar e beneficiarse das actividades que se van desenvolver.

As persoas solicitantes con discapacidade que cumpran os requisitos sinalados deben optar, de conformidade co artigo seguinte, polo procedemento xeral ou polo procedemento de prazas reservadas para inclusión, de xeito que quedarán excluídas no suposto de que presenten a solicitude por ambos os procedementos.

O incumprimento dos requisitos sinalados neste artigo ou omisión de información das necesidades especiais do neno/a impedirá a participación da persoa solicitante do campamento.

4. HORARIO E DATAS

O campamento levarase a cabo de luns a venres de 09:00 a 14:00 nos meses de xullo e agosto e 10 prazas de 08:00 a 15:00.

1. Pode solicitar a participación por un mes completo (xullo ou agosto)
2. Pode solicitar a participación polos dous meses completos (xullo e agosto)

5. PREZO

O prezo por persoa será de 100€/mes para as prazas de 09:00 a 14:00 e de 125€/mes para as prazas de 08:00 a 15:00 h.

6. INSCRICIÓNS E PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de inscrición das persoas participantes estará aberto dende o **LUNS 4 DE MAIO ÁS 09.00 H., ATA O VENRES 15 DE MAIO ÁS 14.00 H.**

As inscricións poderán presentarse en calquera das seguintes modalidades:

- a) Presencialmente no horario de Rexistro do Concello do Rosal (09:00 a 14:00).



- b) A través da sede electrónica do Concello do Rosal <https://orosal.sedelectronica.es> obrigatorio mediante o procedemento habilitado: INSCRICIÓN NO CAMPAMENTO DE VERÁN **Código SIA 2888542**
- c) A través da oficina de Correos. Estas solicitudes deberán entregarse nun sobre aberto para seren seladas e datadas polo/a funcionario/a de Correos. Neste caso deberán enviar un email a campamentos@orosal.gal indicando que a solicitude está selada en Correos, co fin de acreditar o envío da mesma e que poida ser incluída na relación de participantes admitidos.
- d) En calquera outra das formas previstas no artigo 16.4 LPACAP.

De non cubrirse as 50 prazas no período ordinario de presentación de solicitudes, para novas incorporacións poderá abrirse un prazo extraordinario.

7. DOCUMENTACIÓN A APORTAR

1. ANEXO I: Solicitude de participación.
2. ANEXO II: Autorización de recollida do/a menor.
3. ANEXO III: Cuestionario de saúde de autonomía persoal. Toda documentación relevante sobre datos médicos (enfermidades, alerxias, etc.) que sexa preciso coñecer para o bo desenvolvemento da actividade deberá reflexarse no cuestionario.
4. Fotocopia do DNI do neno/a
5. Fotocopia dos DNI dos pais/nais/titores/titoras
6. Fotocopia do libro de familia ou equivalente
7. Fotocopia da tarxeta sanitaria
8. Documentación complementaria segundo a circunstancia que se queira acreditar (familia monoparental, familia numerosa, mulleres vítimas de violencia de xénero, persoas en risco de exclusión social, persoas proxenitoras que teñan ao seu cargo unha persoa dependente, documentación acreditativa da situación laboral, certificado de discapacidade do neno/a, informe de acollemento familiar que acredite dita situación administrativa).

8. BAREMACIÓN DAS SOLICITUDES E SELECCIÓN DAS PERSOAS PARTICIPANTES

A persoa solicitante poderá presentar a seguinte documentación para acreditar a situación familiar para a súa baremación. No caso de non presentala constará como 0 puntos:



CONDICIÓN	PUNTUACIÓN
Por solicitar os dous meses completos	15
Por solicitar un único mes	5
Familia monoparental. Documento oficial acreditativo da situación, e en vigor no momento da presentación da solicitude.	5
Familia numerosa. Documento oficial acreditativo da situación.	5
Mulleres vítimas de violencia de xénero ou doutros tipos de violencia contra a muller. Documento oficial acreditativo da situación.	5
Persoas en risco de exclusión social. Acreditar mediante informe de vulnerabilidade emitido polos Servizos Sociais do Concello.	5
Persoas proxenitoras que teñan ao ser cargo unha persoa dependente. Acreditar mediante a resolución administrativa acreditativa da situación de dependencia. Certificado de persoa cuidadora segundo a Lei 39/2006 e en vigor no momento da presentación da solicitude.	5
Por traballo de ambos membros da parella ou titores legais* Asimilable no caso de Familias Monoparentais	10
Por traballo só dun dos membros da parella ou titores legais*	5
Menores en situación de acollemento familiar permanente, temporal, ou preadoptivo. Documento oficial acreditativo da situación.	5

IMPORTANTE: para acreditar a situación laboral, **NON SE ADMITIRÁN “pantallazos”, vidas laborais incompletas ou con datas de solicitude de anos/meses anteriores á convocatoria, e nóminas ou certificados de empresa antigos.**

- **Traballadores/as por conta allea (empregados):** certificado de vida laboral actualizada **OU** última nómina anterior á solicitude **OU** certificado de empresa actualizado no mes anterior á solicitude.
- **Traballadores/as autónomos/as:** último recibo de pago da cota de autónomo actualizada na data de solicitude.
- **Traballadores/as en situación de ERTE:** certificado de empresa que acredite tal situación.



- **Traballadores/as participantes en políticas activas de emprego:** informe do organismo correspondente que acredite a participación en accións, medidas ou programas para o emprego.

No caso de igualdade de puntuacións entre varias solicitudes terase en conta para o desempate:

- 1º. As solicitudes que contemplan os meses de xullo e agosto.
- 2º. A orde de inscrición da solicitude no Rexistro de Entrada.

9. ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS. ASISTENCIA E NORMAS

Unha vez valoradas as solicitudes, o Concello do Rosal elaborará unha listaxe provisional de beneficiados/as das prazas, e outra listaxe provisional de reserva. Ambas serán publicadas na sede electrónica do concello e nos taboleiros de anuncios.

As prazas dos nenos e nenas **beneficiados/as serán comunicadas ás familias** mediante chamada telefónica en horario e 8.00 a 15.00 h. **ENTRE OS DÍAS 25 E 29 DE MAIO.**

10. PRAZOS DE FORMALIZACIÓN DO PAGO

PAGO PARA ASISTENCIA AO CAMPAMENTO NO MES DE XULLO:

Entre os días **1 e 12 de XUÑO**, ambos incluídos, deberá efectuarse o pago do mes de xullo.

NON SE ADMITIRÁN OS INGRESOS EFECTUADOS DESPOIS DESA DATA.

Haberá que presentar o xustificante de pago por rexistro no Concello como data máxima o 15 de xuño ata ás 14.00 h.

Este será o documento que garante o acceso do neno/a ao campamento.

PAGO PARA ASISTENCIA AO CAMPAMENTO NO MES DE AGOSTO:

Entre os días **1 e 12 de XULLO**, ambos incluídos, deberá efectuarse o pago do mes de agosto. **NON SE ADMITIRÁN OS INGRESOS EFECTUADOS DESPOIS DESA DATA.**

Haberá que presentar o xustificante de pago por rexistro no Concello como data máxima o 13 de xullo ata ás 14.00 h.

Este será o documento que garante o acceso do neno/a ao campamento.

* No caso de non presentar xustificante de pago en prazo ou en caso de renuncia, perderase a praza adxudicada, e será cuberta cunha ou cun menor da lista de agarda,



segundo corresponda. Os/as nenos/as admitidos/as nesta ocasión, disporán de dous días para efectuar o pago.

Nº de conta: ABANCA **ES89 2080 5439 3831 1010 2504**

IMPORTANTE INDICAR NO CONCEPTO:

CAMPAMENTO VERÁN + NOME E APELIDOS DO NENO/A + MES (xullo ou agosto)

NO INGRESO CONSTARÁ O NOME DO NENO/A DE FORMA INDIVIDUAL

Unha vez cubertas as 50 prazas, o resto de aspirantes pasarán á lista de agarda, aos efectos da cobertura de posibles vacantes, que se realizarán mediante dúas chamadas telefónicas ao número que conste na solicitude en horario de 10:00 a 14:00 h.

11. ASISTENCIA E NORMAS

Perderase o dereito á praza por non acatar as normas de convivencia, educación e respecto polo material, os/as compañeiras e os/as monitoras, ou no suposto de contar con máis de 3 faltas sen xustificar. No caso das faltas xustificadas, deberán ser remitidas á empresa encargada do servizo.

As solicitudes e a documentación presentada serán valoradas por unha comisión técnica formada por: Concelleira de Benestar Social, Educadora familiar, Técnica de Información Xuvenil e Informático. Así mesmo corresponderalle á comisión técnica resolver aquelas cuestións que non estean contempladas nas presentes bases.

O Rosal, 21 de abril de 2026



A Alcaldesa,

Ánxela Fernández Callís



DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE Á MARXE





MAIO 2026						
LUNS	MARTES	MÉRC.	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

-  Período de inscrición
-  Anuncio da listaxe provisional de admitidos

XUÑO 2026						
LUNS	MARTES	MÉRC.	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

-  Período de **PAGO XULLO** e entrega do xustificante
-  Listaxe definitiva de nenos/as admitidos/as

XULLO 2026						
LUNS	MARTES	MÉRC	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

- 1 XULLO: Inicio campamento**
-  Período de **PAGO AGOSTO** e entrega do xustificante
-  Listaxe definitiva de nenos/as admitidos/as

AGOSTO 2026						
LUNS	MARTES	MÉRC.	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24 31	25	26	27	28	29	30

3 AGOSTO: Inicio campamento

